



EXPEDIENTE	2ª modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos
TRÁMITE	Publicación memoria e texto inicial na sede electrónica.

Polo Pleno deste Concello na súa sesión do 11.09.2018, apróbase inicialmente a 2ª modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos

De conformidade co art. 49 da Lei 7/1985 procédese a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan formular reclamacións e suxestións.

A estes efectos publicárase anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e edictos electrónico municipal.

Así mesmo, e segundo os arts. 133.2 da Lei 39/2015, art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), publícase pola presente anuncio de exposición, acompañado do texto do proxecto, das memorias ou instrumentos xustificativos e os informes emitidos, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións. Isto sen prexuízo da consulta do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O prazo de exposición e audiencia estenderase dende o día seguinte á primeira publicación ata a finalización do prazo contado desde a última.

De non presentarse reclamacións en prazo e de acordo co referido art. 49 da Lei 7/1985, a ordenanza considerárase definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no BOP e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da mesma Lei, segundo dispón o seu art. 70.2. Publicárase, así mesmo, na sé electrónica municipal, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4).

DOCUMENTO	CSV
MEMORIA XEFA DE SERVIZO	LUASYAZLJIDLCHWJ
INFORME	HKW9W9HV0O9AKPDX
INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA	LVHQLU6MDA0M8OS3
INFORME COMPLEMENTARIO	2RKA556TST0TFOX2
INFORME INTERVENCIÓN FISCALIZACIÓN	KC8M7NRXQNDE4RCS
PROPOSTA DE ACORDO CONCELLEIRA	UQM6HOW8ABPAGOX9
CERTIFICADO XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBACIÓN PROXECTO	MLC5GI5BLEOHTKUI

*Os documentos relacionados na táboa anterior pódense consultar na sede electrónica do concello, introducindo o código seguro de verificación CSV, no seguinte enlace:

<http://sede.pontevedra.gal/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>

Os restantes documentos integrantes do expediente (relativos á súa tramitación: ditames da Comisión plenaria competente; o acordo plenario; e outros documentos, etc.) poderán ser consultados segundo o sinalado nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno deste Concello.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta Secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura
O Secretario,

